



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) AUXILIAR DE BIBLIOTECA PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PEL-CONCELLOS 2025 (Expdte. 2025/E001/000002).

PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS DA PRIMEIRA PROBA (13-05-2025).

CODIGO ASPIRANTE	ACERTOS	FALLOS	BLANCO	PUNTUACIÓN PROVISIONAL
3460895435	14	4	2	13,20
9892468694	14	6	0	12,80
6664874275	13	6	1	11,80
8343442545	13	7	0	11,60
2948949525	12	4	4	11,20
0548657566	12	4	4	11,20
9998236076	12	5	3	11,00
9638256935	12	7	1	10,60
5875607942	11	6	3	9,80
5326388559	11	8	1	9,40
7427275625	11	9	0	9,20
1648224845	11	9	0	9,20
4597657696	10	5	5	9,00
3226439659	7	5	8	6,00
9995679585	8	12	0	5,60
7948458250	7	12	1	4,60

Os aspirantes dispoñen dun prazo de cinco días hábiles, desde o día seguinte á publicación do resultado da valoración proba práctica, para presentar alegacións e solicitar a súa revisión. Anéxase o enunciado da proba coas respostas correctas en cor vermello.

Recursos: Por tratarse dun acto de trámite (art. 112.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.

Ordes, na data da sinatura electrónica

A Presidenta

Pilar Rey Rodís

O Secretario

José Alberto Moar Tobío



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROBA PRÁCTICA PROCESO ELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) AUXILIAR DE BIBLIOTECA PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PEL-CONCELLOS 2025 (Expdte. 2025/E001/000002).

PREGUNTAS

1-Entre os recursos en liña que ofrece a Rede de Bibliotecas de Galicia atópanse:

- a) Galiciana.
- b) Biblioteca Virtual de la Literatura Universal en Gallego.
- c) **As dúas respostas anteriores son correctas.**

2-O catálogo colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia:

- a) **Recolle rexistros de manuais así como de obras que pola súa antigüidade , ao ser publicadas con anterioridade a 1959 ou pola súa singularidade, forman parte do Patrimonio Bibliográfico Galego e consérvanse en todas as bibliotecas.**
- b) Recolle rexistros de manuais así como de obras que pola súa antigüidade , ao ser publicadas con anterioridade a 1959 ou pola súa singularidade, forman parte do Patrimonio Bibliográfico Galego e consérvanse en todas as bibliotecas, agás as universitarias.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

3-A Rede de Bibliotecas públicas de Galicia conta con recursos para a selección bibliográfica na súa páxina web publicados en:

- a) Galego.
- b) Galego e castelán.
- c) **En galego, castelán e outras linguas.**



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

4-Cales destes recursos en liña ofrece a Rede de Bibliotecas públicas de Galicia na súa web:

- a) Galiciana e repositorio da Biblioteca de Fondos Galegos na Arxentina .
- b) **Europeana e Biblioteca Virtual da Real Academia Galega.**
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

5-Se un usuario devolve documentos fóra de prazo, será sancionado. A sanción implica :

- a) **Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio, non poderá renovar os materiais que ten prestados e non poderá reservar documentos. A suspensión terá efectos en todas as bibliotecas integrantes da RBG.**
- b) Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio e non poderá renovar os materiais que ten prestados. A suspensión terá efectos en todas as bibliotecas integrantes da RBG.
- c) Que non poderá facer uso do préstamo a domicilio durante o tempo que determine cada biblioteca no seu regulamento interno.

6-Nunha monografía:

- a) A cuberta e a portada constitúen a mesma parte do libro.
- b) A cuberta e a portada non constitúen a mesma parte do libro pero sempre aportan a mesma información sobre este.
- c) **A cuberta e a portada dun libro non constitúen a mesma parte do libro e non sempre aportan a mesma información sobre éste.**



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

7-Á signatura numérica na Clasificación Decimal Universal para o libro titulado “El Nuevo Testamento” correspóndelle o número:

- a) 124
- b) 27-246
- c) 330

8-A signatura numérica segundo a Clasificación Decimal Universal, para o libro en galego titulado “O porco de pé” de Vicente Risco é:

- a) 821.134.2
- b) 821.134.4
- c) 822.134.4

9-Na CDU, Tabla 1g - Auxiliares comúns de tempo- a correspondencia exacta é:

- a) ”04/14” Séculos V a XV d.C. (Idade Media)
- b) ”04/14” Séculos IV a XIV d.C. (Idade Media)
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

10-Destas infraccións, é considerada como leve na Lei 5/2012 do 15 de xuño de Bibliotecas de Galicia:

- a) O incumplimento das ordes de depósito obrigatorio.
- b) A obstrución da actividade inspectora da consellería competente en materia de bibliotecas.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

11-Segundo as normas de catalogación, si nunha obra un conxunto de persoas comparten a responsabilidade do seu contido intelectual ou artístico, denomínanse:

- a) **Autor colectivo.**
- b) Autor corporativo.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

12-As novelas considéranse:

- a) Obras de ficción e coñecemento.
- b) **Obras de ficción.**
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

13-Un álbum ilustrado infantil sobre dinosaurios con numerosos debuxos en cor, considérase:

- a) Unha obra de ficción e coñecemento.
- b) **Unha obra de coñecemento.**
- c) Unha obra de ficción.

14-A aplicación de técnicas que permiten a identificación, recuperación e control dos fondos documentais nunha biblioteca, denomínanse:

- a) Clasificación documental.
- b) Catalogación derivada.
- c) **Proceso técnico.**

15-Que publicación en liña está excluída do Depósito Legal?

- a) O dominio que alberga a publicación.
- b) **Os ficheiros de datos de carácter persoal.**
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

16-Segundo as regras de catalogación, o título adoptado para catalogar unha obra coñecida por varios títulos denomínase:

- a) **Título uniforme.**
- b) Título colectivo.
- c) Título adaptado.

17-¿Cal dos seguintes dereitos non está recoñecido como fundamental pola vixente Constitución Española?:

- a) **O dereito a desfrutar dunha vivenda digna e adecuada.**
- b) O dereito de reunión pacífica e sen armas.
- c) O dereito de asociación.

18-¿Cal das seguintes atribucións non corresponde ao Pleno municipal nos concellos?

- a) A aprobación do cadro de persoal.
- b) A aprobación da relación de postos de traballo.
- c) **A aprobación da oferta de emprego público.**

19-¿Cal das seguintes afirmacións en relación co persoal ao servizo das administracións públicas é falsa?

- a) Son funcionarios de carreira os que, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha Administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.
- b) **É persoal eventual o que, en virtude de contrato de traballo e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.**
- c) É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas administracións públicas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

20-En relación co inicio dos procedementos administrativos é verdadeiro que:

- a) Os procedementos poderanse iniciar de oficio ou por solicitude do interesado.
- b) Os procedementos inicianse de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia.
- c) Son certas a) e b).

PREGUNTAS DE RESERVA

1-Á obra titulada "Resistencia dos materiais fotográficos e das fotografías", correspóndelle na táboa da CDU a clasificación básica:

- a) 77
- b) 78
- c) 74

2-Segundo as regras de catalogación:

- a) Os caracteres que non alfabetizan son os artigos, signos ortográficos (comiñas, interrogacións, etc.) e espazos que preceden á primeira palabra do título.
- b) Os caracteres que non alfabetizan son os que van entre signos ortográficos.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

3-O "Manual de procedemento para a descripción de monografías" establece que:

- a) Toda a puntuación ISBD está precedida e seguida por un espazo, agás a coma, punto, paréntese, comiñas ou corchetes que seguen as regras de ortografía normais.
- b) Toda a puntuación ISBD está precedida e seguida por un espazo, agás coma, punto e paréntese .
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

4- Considéranse documentos electrónicos nas bibliotecas os seguintes:

- a) Documentos CD-ROM, DVD-ROM e tarxetas de video consola.
- b) Documentos CD-ROM, DVD-ROM, documentos en DVD e Blu-Ray.
- c) Todos os citados nas dúas respostas anteriores.

5-No Formato MARC os campos 336, 337 e 338 indican:

- a) Tipo de soporte, extensión e ilustracións.
- b) Tipo de contido, tipo de medio e tipo de soporte.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.